



bng.gal

A FORZA DO FEMINISMO

Vivimos coa terríbel sensación de que non somos quen de avanzar como sociedade, de que non hai alternativa, de que o machismo está absolutamente normalizado e as mulleres sufrimos a desigualdade e a opresión dun sistema que non nos deixa ser. Enfrontámonos cada día a unha realidade que parece dicirnos que non hai vontade colectiva por lle dar a volta a esta situación.

Mais non é certo. Non hai lugar para renderse, non é momento de renunciar nin de decaer, senón que é hora de irmos a por todas. Aspiramos a conquistar o futuro. Aspiramos a camiñar cara a unha sociedade xusta e solidaria, cara á igualdade. Aspiramos a derrubar barreiras e a destruír os muros da opresión, coa ilusión de que é posíbel construír pontes. Imos seguir facendo conquistas, como outras antes fixeron e como as que virán continuarán a facer.

Non queremos esmola nin anhelamos proxectos irrealizábeis. Non queremos ser o 50% prescindíbel, non precisamos protección e negámonos a ocupar o espazo de submisión e pasividade que algúns continúan a ter reservado para nós. As mulleres galegas levantamos este país, e vimos reivindicar a nosa visibilidade, a nosa presenza e o noso papel protagonista en todos os eidos da vida, para sumar nunha sociedade que rache coa desigualdade, que remate coas inxustizas.

É hora de nos tornar visíbeis, de tomar as rendas, de abandonar os discursos retóricos e apostar pola transformación real. Iniciemos este novo tempo coa alegría de todas as mulleres traballadoras: das estudantes, das loitadoras, das cantantes, das creadoras, das investigadoras, das mestras, das doutoras, das enfermeiras, das mariscadoras, das gandeiras, das escritoras, das actrices, das redeiras, das que fan política. As mulleres galegas. María, Xoana e Celia, traballadoras sociais. Carme, Dores e Uxía, redeiras. Sabela, Mónica e Leticia, desempregadas. Milleiros das imprescindíbeis, das que, coa súa entrega e a súa vida, constrúen este país.

O noso berro ten que ser forte os 365 días do ano, e o 8 de marzo tamén. Témolos claro, acreditamos noutro futuro e noutra sociedade, e para iso, precisamos do feminismo para seguir facendo camiño. Precisamos da forza do feminismo.